

Resolución do 20 de xaneiro de 2024 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso por oposición libre nos corpos de policía local de Galicia, escala básica, categoría de policía, convocado pola Orde do 19 de abril de 2023 (DOG Núm. 86, do 5 de maio).

Na sesión que tivo lugar o día 20 de xaneiro de 2024 o tribunal nomeado pola Resolución do 18 de xullo de 2023 (DOG núm. 142, do 27 de xullo) acordou por unanimidade publicar os seguintes acordos:

Primeiro. Elevar a **definitivas** as cualificacións provisionais do **quinto exercicio** (recoñecemento médico) publicadas o 13.01.24, xa que resultaron todas as persoas presentadas APTAS e non se recibiron alegacións.

Segundo. De acordo co establecido na base 8.1 da convocatoria, este Tribunal acorda publicar a **relación de persoas aprobadas e a lista de reserva** nos seguintes anexos:

- **Anexo I:** a **listaxe de persoas aprobada no proceso** por orde decrecente de puntuación no proceso. Tal e como estipula a convocatoria o número de persoas aprobadas non poderá superar o de prazas convocadas que son oitenta e nove (89).
- **Anexo II:** a **listaxe de reserva**, tamén por orde decrecente de puntuación. Na lista de reserva figurarán aquelas persoas aspirantes que, aínda que superaron as probas do proceso, non resultaron aprobadas por obteren unha puntuación inferior á da última persoa que obtivo praza

Tal e como establece a base 7.8 da convocatoria, os acordos adoptados polo Tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A Presidenta do Tribunal
Paula Cajaraville Leiro

